

Índice de confianza do consumidor. Novembro 2007.


COMUNICADO

Descenden os indicadores de sentimento e confianza do consumidor.

Os saldos das preguntas referidas ás perspectivas de evolución e a evolución pasada da situación económica en Galicia son os que máis contribúen a este descenso.

O índice de confianza do consumidor presenta no mes de novembro de 2007 un descenso de 2,5 puntos con respecto ao pasado mes de outubro. Entre as compoñentes do ICC, só a capacidade futura de aforro repunta con respecto ao mes anterior, acada un saldo 6 décimas superior, rexistrando un valor de -37,0. As outras tres compoñentes do índice mostran descensos con respecto ao mes anterior, leves nos saldos das perspectivas de evolución do emprego e da situación financeira persoal e máis acusado, 7,5 puntos, no tocante ás perspectivas de evolución da situación económica en Galicia.

O Índice de sentimento do consumidor descende case 5 puntos con respecto ao pasado mes de outubro e acada un saldo de -32,9. Este descenso do indicador de sentimento é debido ao descenso xeneralizado de tódolos seus compoñentes, pero en maior medida polos saldos referentes á situación económica en Galicia, tanto a evolución pasada como as perspectivas de evolución.





Na seguinte táboa vese a evolución dos indicadores resumo (ICC e ISC) para Galicia nos últimos meses.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0
Maio	-14,2	-24,0
Xuño	-11,9	-22,0
Xullo	-9,8	-18,1
Agosto	-17,3	-23,4
Setembro	-24,9	-28,8
Outubro	-23,1	-28,0
Novembro	-25,6	-32,9

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor


Descende o saldo referente á evolución pasada dos prezos e mellora levemente o referente ás perspectivas de evolución

No referente aos prezos, debemos distinguir dous saldos. O primeiro fai referencia á opinión dos fogares acerca do comportamento dos prezos nos últimos doce meses (evolución pasada). Este sofre un descenso de 12,6 puntos con respecto ao mes de outubro acadando un valor de -61,9.



10 de decembro de 2007

O outro saldo relativo aos prezos recolle a opinión dos fogares sobre as perspectivas de evolución (nos seguintes doce meses) dos mesmos. Este saldo mellora en tres puntos o saldo acadado o pasado mes de outubro e sitúase en -27,6.



Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>